

Espada de gomaespuma

Composición e principio activo: Gomaespuma

Indicacións: Esta solución está especialmente indicada para asustar aos monstros.

Modo de emprego: Brandir a espada e axitar facendo círculos no aire. Isto impedirá que o monstro se achegue a menos de tres metros e fará que fuxa rapidamente.

Posoloxía: Empregar sempre que sexa necesario. A medida que remitan as visitas do monstro, poderá suspenderse o tratamento coa espada.

Conservación: Manter a temperatura ambiente ao lado da cama.

Contraindicacións: Non deberá usar a espada de gomaespuma se Vde. ten algunha lesión no brazo, pulso ou man(luxación, rotura dalgún óso etc.) en cuxo caso deberá substituír a espada por unha lámpada con luces de cores.

Efectos adversos: Non se describiron.